

**ACTA N.º 2022/6**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**- 30 DE SETEMBRO DE 2022 -**

En data 30 de setembro do 2022, sendo as 20:07 horas, reúnen-se na Casa Consistorial do Concello de Cerdido os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do Secretario en réxime de acumulación co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Benigno Galego Castro.

Asisten: Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Patricia Santalla Pérez, Alberto Javier Rey Paz e María María Amalia Díaz Rodríguez.

Excusan a súa asistencia : CristianCarrodegua Graña e David Prada Aneiros.

Secretario-Interventor: Manuel Larrosa Rodríguez.

Constátase a presenza dos membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, Benigno Galego Castro como Presidente declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

**Primeiro.- Aprobación se procede da acta da sesión do Pleno do Concello de Cerdido reunido o día 31.08.2022.**

Sometida a votación a acta da sesión plenaria celebrada en data 31 de agosto do 2022, é aprobada por seis votos a favor (4 PSdeG-PSOE, 2 P.P.) e a abstención da sr<sup>a</sup>. Rocio Martínez Martínez por non asistir a dita sesión.

**Segundo.- Aprobación da participación do Concello de Cerdido no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal Adicional 2/2022, POS+ADICIONAL 2/2022**

Vista a seguinte proposta : PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA PARA A APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CERDIDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2022 POS+ADICIONAL 2 /2022 :

En virtude do acordo adoptado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial de A Coruña en data 27 de maio de 2022 polo que se aprobou a modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 para a regulación do POS+Adicional 2/2022 destinado ao financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e/ou revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais.

Vista a circular da Excma. Deputación de A Coruña sobre regulación do POS+Adicional 2/2022 destinado ao financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e/ou revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais, como medida extraordinaria adoptada para axudar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada da persistencia da pandemia motivada pola COVID-19 e da guerra de Ucraia, coa conseguinte alza de prezos de determinados bens e servizos que repercute directamente nun incremento do custo da prestación dos servizos municipais obrigatorios, así como da execución das obras públicas contratadas polos concellos, a achega provincial asignada ao Concello de Cerdido ascende a 200.355,58 euros.

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía **PROPÓN :**

**Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **POS+ADICIONAL 2/2022** da Excma. Deputación Provincial de A Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, así como solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

| Gastos correntes   | Deputación        |
|--|-------------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022 | <b>40.742,52€</b> |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**



| Investimentos financeiramente sostibles<br>incluídos no Plan Complementario ao<br>POS+ 2022 | Financiamento dos investimentos |                     |                               |                   | Orzamento<br>total |
|---|---------------------------------|---------------------|-------------------------------|-------------------|--------------------|
|   | Deputación                      | Concello            |                               | Total<br>concello |                    |
|   |                                 | Achega<br>municipal | IVE<br>soportado<br>deducible |                   |                    |
| <b>TOTAL</b>  | <b>0,00 €</b>                   |                     |                               |                   | <b>0,00 €</b>      |

| Investimentos financeiramente sostibles<br>NON incluídos no Plan<br>Complementario ao POS+ 2022 | Financiamento dos investimentos |                     |                               |                   | Orzamento<br>total |
|---|---------------------------------|---------------------|-------------------------------|-------------------|--------------------|
|   | Deputación                      | Concello            |                               | Total<br>concello |                    |
|   |                                 | Achega<br>municipal | IVE<br>soportado<br>deducible |                   |                    |
| Camiño Piñeiro-Vila da Igrexa   | 58.184,81 €                     |                     |                               |                   | 58.184,81 €        |
| <b>TOTAL</b>  | <b>58.184,81 €</b>              |                     |                               |                   | <b>58.184,81 €</b> |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa

**C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:**

| Revisión excepcional de prezos   | Deputación    |
|--|---------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais | <b>0,00 €</b> |

**D) Resumo de financiamento:**

| POS+ ADICIONAL 2/2022  | Deputación  | Concello |   | Orzamento<br>Total |
|--|-------------|----------|---|--------------------|
|  |             | Concello | IVE<br>Soportado<br>deducible<br>(só abastecem.<br>auga potable ) |                    |
| <b>Gastos correntes servizos<br/>obligatorios</b>  | 40.742,52€  |          |   | 40.742,52€         |
| <b>Investimentos financeiramente<br/>sostibles incluídos no Plan<br/>Complementario ao POS+ 2022</b>     | 0,00 €      | 0,00 €   | 0,00 €  | 0,00 €             |
| <b>Investimentos financeiramente<br/>sostibles NON incluídos no Plan<br/>Complementario ao POS+ 2022</b> | 58.184,81 € |          |   | 58.184,81 €        |



|   |                    |        |        |        |                    |
|---|--------------------|--------|--------|--------|--------------------|
| <b>Revisión excepcional de prezos en obras municipais</b> | 0,00 €             | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 €             |
| <b>TOTAL</b>  | <b>98.927,33 €</b> |        |        |        | <b>98.927,33 €</b> |

**Segundo.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Terceiro.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

**Cuarto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Quinto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sexto.-** Autorízase á Excm. Deputación Provincial de A Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Sétimo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Aberto o turno de intervencións, comeza o Sr. Alcalde expoñendo a proposta co desglose asignado a gasto corrente con 40.742,52 €. e 58.184,52 €. destinados ao proxecto de continuar co aglomerado da estrada que vai de Vila da Igrexa a San Román máis o menos é desde o tramo que está máis estropeado desde Vila da Igrexa.

A continuación toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz preguntando si Pena do Pico está aglomerado para abaixo ó que resposta o Sr. Alcalde que de Pena do Pico falta outro tramo ata arriba de Casal que de momento ainda aguanta. O outro tramo meteráse no POS do ano que ven.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz pregunta se ¿antes da ponte xa estaba aglomerado? A fonte seguía perdendo por fora moita auga no último inverno.



CONCELLO DE  
CERDIDO



Resposta o Sr. Alcalde Benigno Galego Castro que a fonte perdía e limparase unha taxea e quedara ben.

Considerando a alcaldía suficientemente debatido o asunto, somete a votación a proposta, sendo a mesma aprobada por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes.

E non habendo máis preguntas, sendo as 20 horas e 09 minutos, levántase a sesión.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Benigno Galego Castro, Benigno Galego Castro na data indicada a marxe.**